



CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

Convocatoria única de vixencia indefinida	Publicidade en DOG do inicio do prazo de inscrición para as distintas categorías.
Inscrición aberta	En calquera momento a través de Fides/expedient-e.
Participación condicionada	Admitiranse as solicitudes de participación condicionadas por razón de convivencia familiar.
Solicitud de participación	Presentación da solicitude de participación mediante REXISTRO ELECTRÓNICO (Lei 39/2015) .
Potenciais destinos	O formulario fará visibles, para a súa selección, os potenciais destinos -prazas básicas do cadro de persoal das institucións sanitarias do SERGAS- aos que o/a profesional poderá optar en función da súa categoría de pertenza , con independencia de que estean ocupados por persoal temporal ou fixo.

CICLOS ANUAIS de adxudicación	Adxudicación de destinos	Cada ano natural terá lugar unha adxudicación de destinos nas distintas categorías.
	PRAZOS a ter en conta en cada ciclo anual de adxudicación:	Cómputo de Méritos Data límite de cómputo de méritos : 15 de decembro do ano anterior .
		Inscrición Data límite de inscrición : 15 de xaneiro do ano en curso .
		Acreditación requisitos e méritos Data límite acreditación requisitos e méritos : 15 de xaneiro do ano en curso .
		Cómputo de prazas Data límite de cómputo de prazas : 31 de decembro do ano anterior .
		Publicidade Publicidade do número de prazas ofertadas: 1º trimestre de cada ano natural . A través de DOG e páxina web (www.sergas.es). Con apertura dun prazo de 15 días naturais para poder modificar EXCLUSIVAMENTE a selección de prazas efectuadas na inscrición inicial. Esta modificación efectuarase a través de FIDES , presentarase en REXISTRO ELECTRÓNICO e NON requirirá a entrega de ningunha documentación.



CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

Desistencia ou renuncia	Desistencia ou renuncia á participación no concurso: • Prazo: En calquera momento, • Procedemento: mediante rexistro electrónico e dirixido á mesma unidade de validación que a inscrición. • Efectos: As renuncias presentadas entre o 16 de xaneiro de cada ano e a data de publicación da resolución definitiva de cada concurso producirán efectos no seguinte proceso. Non se admitirán para a súa efectividade no ciclo de adxudicación en curso as renuncias presentadas no intervalo temporal indicado.
Modificación da solicitude	Prazos: a) Desde o día seguinte á publicación no DOG da relación de adxudicatarios de cada ciclo anual ata o 15 de xaneiro seguinte, o/a profesional poderá efectuar as modificacións que estime oportunas. b) Permitirase ademais modificar a selección de prazas dentro dos 15 días naturais seguintes á publicación en DOG dos destinos ofertados en cada ciclo anual de adxudicación. Procedemento: A través de Fides/expedient-e.
Vixencia da solicitude	a) Profesionais que resulten adxudicatarios dalgún destino, aínda que non sexa a súa primeira opción: para participar en próximos concursos de traslados deberán presentar unha nova solicitude a través de Fides. b) Profesionais que non resulten adxudicatarios de ningún destino: Continuará vixente a solicitude para o seguinte ciclo anual de adxudicación, agás renuncia expresa do/da interesado/a.